

Índices de valor unitario para o comercio exterior. Referencia 2005.


Setembro 2008

NOTA DE PRENSA

En setembro de 2008 os prezos dos bens exportados e importados en Galicia creceron en termos interanuais un 1,5% e un 3,2% respectivamente

Segundo os datos da operación “Índices de valor unitario para o comercio exterior”, elaborada polo Instituto Galego de Estatística, os prezos dos bens exportados na Comunidade Autónoma de Galicia aumentaron un 1,5% en setembro de 2008 con respecto ao mesmo mes do ano anterior. Para os bens importados, os prezos experimentaron un incremento interanual do 3,2%.

No que vai de ano, os prezos dos bens exportados creceron un 2,4% e os dos importados un 7,2%.



FONTE: IGE. Índices de valor unitario para o comercio exterior

Clasificación por destino económico dos bens

Atendendo á clasificación por destino económico, a variación interanual dos prezos das exportacións de bens de equipo foi do 3,1%, do 2,1% para os bens de consumo e do 0,9% para os bens intermedios.

Nas importacións, os prezos dos bens intermedios e dos bens de consumo aumentaron con respecto a setembro de 2007 un 6,5% e un 5,0% respectivamente. Pola contra, os prezos dos bens de equipo diminuíron un 35,6%.



Índices de valor unitario para o comercio exterior. Setembro 2008

Índice xeral e clasificación por destino económico dos bens

EXPORTACIÓNS	Variación sobre igual período ano anterior (%)		IMPORTACIÓNS	Variación sobre igual período ano anterior (%)	
	Do mes	Da media do que vai de ano		Do mes	Da media do que vai de ano
ÍNDICE XERAL	1,5	2,4	ÍNDICE XERAL	3,2	7,2
Bens de consumo	2,1	-0,1	Bens de consumo	5,0	3,2
Bens de equipo	3,1	5,4	Bens de equipo	-35,6	-26,3
Bens intermedios	0,9	5,2	Bens intermedios	6,5	11,3

FONTE: IGE. Índices de valor unitario para o comercio exterior

NOTA: datos provisionais

Clasificación por orixe/destino xeográfico

Por destino xeográfico das exportacións de bens, produciuse un incremento interanual do 3,0% para os bens con destino á Unión Económica e Monetaria e unha diminución do 4,5% para os bens con destino a países non pertencentes á OCDE.

Por orixe dos bens importados, os prezos dos bens procedentes de países pertencentes á OCDE incrementáronse un 1,2% e os do resto de países un 7,1%

Índices de valor unitario para o comercio exterior. Setembro 2008

Clasificación por orixe/destino xeográfico

EXPORTACIÓNS	Variación sobre igual período ano anterior (%)		IMPORTACIÓNS	Variación sobre igual período ano anterior (%)	
	Do mes	Da media do que vai de ano		Do mes	Da media do que vai de ano
UEM	3,0	1,6	UEM	0,5	2,0
UE-25	2,6	1,4	UE-25	1,1	1,8
OCDE	2,7	2,1	OCDE	1,2	4,4
Resto de países	-4,5	3,1	Resto de países	7,1	12,8

FONTE: IGE. Índices de valor unitario para o comercio exterior

NOTA: datos provisionais; UEM: Unión Económica e Monetaria

Pódese consultar a metodoloxía da estatística en:

http://www.ige.eu/estatico/pdfs/s3/metodoloxias/met_ivus_ref_2005_ga.pdf

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística

Complexo Administrativo San Lázaro s/n

15703 Santiago de Compostela (A Coruña)

Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>

Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)

FAX: 981.54.13.23

Notas de prensa en : <http://www.ige.eu>